



ADXUDICACIÓN

Expediente SU 03/2016: Subministración, instalación e posta en funcionamento dunha caldeira de pellet para o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) no Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (CIFL) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER-Galicia 2014-2020.

O 12 de agosto de 2016 o Instituto Galego da Calidade Alimentaria, Ingacal, iniciou un expediente de contratación, polo procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, tramitación urxente e documentalmente simplificada, da subministración, instalación e posta en funcionamento dunha caldeira de pellet para o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) no Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (CIFL) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER-Galicia 2014-2020.

A licitación publicouse no DOG número 153 de 12 de agosto de 2016.

Presentaron oferta en tempo e forma as empresas: Protosolar S.L.U. (B36965234); Acende Enerxía S.L. (B70313556); Ecogal Enerxías Renovables, Autoconsumo y Eficiencia Energética S.L. (B27371806); Forestación Galicia S.A. FORESGA (A32226326) e Resolve Enerxía S.L. RSOLUE (B70127493).

En reunión da mesa de contratación de 25 de agosto de 2016 se acredita que a documentación administrativa presentada polas cinco empresas é correcta e conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas particulares polo que se admiten ao procedemento. Se procede ao exame da documentación relativa a criterios de adxudicación avaliados de forma automática da que se determina o seguinte:

OFERTA ECONÓMICA

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	OFERTA ECONÓMICA (con IVE)	IMPORTE TOTAL
Protosolar S.L.U.	69.365,00 €	14.566,65 €	83.931,65 €
Acende Enerxía S.L.	65.499,00 €	13.754,79 €	79.253,79 €
Ecogal Enerxías Renovables, Autoconsumo y Eficiencia Energética S.L.	65.050,25 €	13.660,55 €	78.710,80 €
Forestación Galicia S.A. FORESGA	79.629,44 €	16.722,18 €	96.351,62 €
Resolve Enerxía S.L. RSOLUE	75.024,40 €	15.755,12 €	90.779,52 €

OUTROS CRITERIOS AVALIADOS DE XEITO AUTOMÁTICO

EMPRESA	Tº intervención	Plazo garantía sobre obrigatorio	RITE
Protosolar S.L.U.	<24 h	60 m	SI
Acende Enerxía S.L.	<24 h	60 m	SI
Ecogal Enerxías Renovables, Autoconsumo y Eficiencia Energética S.L.	<24 h	60 m	SI
Forestación Galicia S.A. FORESGA	<24 h	60 m	SI
Resolve Enerxía S.L. RSOLUE	<24 h	12 m	SI



Respecto do cumprimento das prescricións establecidas no prego de prescricións técnicas que rexen esta contratación a mesa acorda que con carácter previo a proposta de adxudicación se realice un informe técnico acreditativo do cumprimento das mesmas.

En reunión de 31 de agosto de 2016 ante a imposibilidade de acreditación do cumprimento das características técnicas, a mesa acorda requirir ás cinco empresas documentación técnica acreditativa debidamente xustificativa do cumprimento das especificacións do prego de prescricións técnicas, en particular o relativo ao apartado 3.3.1 da caldeira de biomasa e do sistema de telexestión.

Unha vez recibida a información das cinco empresas que concurren a licitación solicítase ao Instituto Enerxético de Galicia (Inega), como medio propio da Administración, a elaboración dun informe técnico acreditativo do cumprimento das prescricións técnicas do prego das ofertas presentadas. Dada a premura do informe para proseguir co procedemento e que o Inega carecia de medios propios suficientes para dar resposta a petición formulada nos tempos requeridos solicitouse ao Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) o citado informe. O ITG emite informe o día 13 de setembro de 2016 no que se indica o incumprimento das exigencias do prego técnico da oferta presentada pola empresa Ecogal Energías renovables, autoconsumo y eficiencia energética S.L. A raíz deste informe a mesa de contratación determina a súa exclusión da licitación por incumprir as exigencias do prego técnico.

As puntuacións das empresas que o cumpren é a seguinte:

EMPRESA	PUNTUACIÓN FINAL
Acende Enerxía S.L.	96,28
Protosolar S.L.U.	85,71
Forestación Galicia S.A. FORESGA	57,66
Resolve Enerxía S.L. RSOLVE	46,25

De acordo coa proposta da mesa de contratación do 14 de setembro de 2016, tendo en conta o establecido no artigo 151 do TRLCSP, en referencia á clasificación das ofertas e adxudicación do contrato, o órgano de contratación requiriu nesa data ao licitador Acende Enerxía S.L. para que no prazo de cinco días hábiles, dende o seguinte ao recibo do requirimento, acreditase o cumprimento das obrigas que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares e constituíse a garantía definitiva.

Con data 20 de setembro de 2016 a empresa Acende Enerxía S.L. presenta a documentación requirida a excepción do documento referente a garantía renunciando posteriormente con data 22 de setembro de 2016 mediante escrito dirixido ao órgano de contratación á execución do proxecto por motivos lóxicos da empresa polo que se lle require á empresa Protosolar S.L.U. a presentación da documentación.

Con data 27 de setembro de 2016 a empresa Protosolar S.L.U. presenta a documentación, acredita o pago da publicidade no DOG e o depósito da garantía por importe de 3.274,95 €.



Comprobada pola mesa de contratación en reunión do 27 de setembro a validez da documentación presentada, a mesa eleva ao órgano de contratación proposta de adxudicación por ser a oferta economicamente máis vantaxosa para o Ingacal e cumprir coas condicións establecidas nos pregos.

Á vista do anterior,

RESOLVO

1 Adxudicar o dito contrato nos seguintes termos:

- Empresa adxudicataria: **Protosolar S.L.U. B36965234.**
- Orzamento de licitación: por importe de oitenta e tres mil novecentos trinta e un euros con setenta e cinco céntimos (83.931,65 €) dos que **69.365,00 €** corresponden ao importe neto e 14.566,65 € corresponden ao IVE.
- Financiamento: 75% a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, expediente IN4219G-2016-115.
- Prazo de entrega: 30 de setembro de 2016.

2 Publicar esta resolución de adxudicación no perfil do contratante deste órgano de contratación (<http://www.contratosdegalicia.es>) de conformidade co sinalado nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

De acordo co previsto no artigo 156 do TRLCSP o contrato deberase formalizar en documento administrativo no prazo de oito días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba a notificación desta adxudicación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público, se ben o contratista poderá solicitar a elevación do mesmo a escritura pública facéndose cargo de todos os gastos que isto orixine.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano de contratación, no prazo de dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) ou directamente recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Unión Europea
Fondo Europeo
de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



INGACAL
INSTITUTO GALEGO
DA CALIDADE ALIMENTARIA

NOTIFÍQUESE esta adxudicación a todos os candidatos ou licitadores de acordo co previsto no artigo 151.4 do RDL 3/2011, do 14 de novembro.

Santiago de Compostela,

28.04.2016

O director



Tomás Fernández-Couto Juanas

P.D. da Presidencia do 24 de abril de 2013 (DOG 3 de maio de 2013)